

Benquerido amigo,

Comeza o período de petición da **Memoria da Producción Científica** realizada polos departamentos, institutos e grupos de investigación **no ano 2005**.

Sendo conscientes dos compromisos adquiridos quero manifestar que o actual equipo de goberno ten previsto, despois de acadar os consensos oportunos, modificar no futuro o actual sistema de valoración das actividades de investigación. Este ano, tendo en conta nas datas nas que nos atopamos e con fin de non se produzan mais atrasos, aplicaranse os mesmos criterios que en anos anteriores.

Por outra banda, continuando coa política de aforro económico na que está inmersa a USC, non se envían as carpetas clasificadoras, polo que vos rógamos que extremedes as precaucións no momento de preparar e clasificar a documentación.

Ademais, quero chama-la túa atención sobre a importancia que ten que desde a dirección do dpto./inst. se supervise a correcta presentación da documentación, axustándose na maior medida posible ás instrucións que se achegan xa que, como sabes, a avaliación das actividades faise de forma totalmente automática mediante a aplicación informática da Producción Científica (PC).

Os departamentos e institutos constitúen a máxima autoridade científica na nosa Universidade nas áreas da súa competencia e como tal, deben coidar que as contribucións presentadas sexan claramente actividades de investigación (outras non se valoran aquí) e que se sitúen nos apartados correspondentes.

Como complemento aos ítems que se valoran na memoria de investigación, os departamentos e institutos poden remiti-la información, debidamente xustificada e referenciada na carta de remisión da memoria, dos conceptos que se sinalan a seguir:

- Profesores incorporados ao departamento dende a última petición da produción científica e que **foran profesores o ano anterior noutra universidade**.
- Profesores que tiveron durante o ano 2005 o cargo de presidente ou secretario de sociedades científicas nacionais ou internacionais de especial relevancia e **con clara relación coa investigación** (exclúense sociedades con sede na Comunidade Autónoma de Galicia).

Este ano, por segunda vez, os grupos de investigación percibirán axuda polas súas actividades de investigación, o seu cálculo realizarase a partir dos datos que se rexisten nos departamentos/institutos. Aos únicos efectos de valorar a súa produción científica consideraranse como compoñentes valorabeis do grupo a aqueles que, na data de remate do prazo de gravación de datos, están incluídos no mesmo. Do mesmo xeito soamente terán dereito a percibir á axuda por produción científica aqueles grupos de investigación que estean formalmente constituídos na data antes mencionada.

O prazo de gravación e presentación da memoria de investigación comezará o 27 de xullo e rematará o 30 de setembro de 2006.

A Unidade de Xestión da Producción Científica e Tecnolóxica ten habilitado un enderezo de correo electrónico pcientifica@usc.es no que podedes efectuar calquera consulta relacionada con este procedemento, así mesmo, na web da Vicerreitoría existe unha páxina de preguntas frecuentes (FAQ) relacionadas coa xestión da produción científica onde se incorporarán as consultas máis habituais que se reciban en relación co tema.

Agradecendo a túa colaboración, recibe un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2006
A VICERREITORA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN
María José Alonso Fernández

SR./SRA. DIRECTOR/RA DE DEPARTAMENTOS E INSTITUTOS QUE SOLICITAN A AXUDA Á INVESTIGACIÓN DA USC

INSTRUCCIÓN que se deben ter en conta para presenta-los datos correspondentes á produción científica **do ano 2005**.

Este ano continuado coa política de aforro económico tampouco se envían as carpetas clasificadoras, polo que se roga que se extremen as precaucións na ordenación e clasificación da documentación que deberá ser presentada debidamente ordenada e clasificada. O procedemento de clasificación é o mesmo que tódolos anos, a única diferenza é que este ano non hai que arquivala no portafol.

Ademais como tódolos anos deberá ter en conta que:

1.- Valoraranse **exclusivamente actividades de investigación**. Exclúense actividades docentes ou divulgativas e expresamente as especificadas na folla de puntuación das principais actividades científicas.

2.- Non se valorarán as contribucións nas que o asinante faga constar exclusivamente a súa pertenza a unha **institución diferente da Universidade de Santiago de Compostela**. As publicacións deben estar vinculadas ao departamento ou ao instituto ademais da USC, e non a laboratorios, servizos, unidades, etc., xa que a axuda á investigación desta Universidade distribúese a través destes órganos.

Cando debido ás normas de publicación exista a imposibilidade de que na contribución se reflecta a pertenza dalgún ou de tódolos autores a un Departamento, Instituto, etc, valorarase dito ítem cando se xustifique documentalmente esa imposibilidade. Neste suposto será a Vicerreitoría con competencias en investigación quen, con carácter previo, e sempre antes do remate do prazo de gravación de datos a que autorizará a gravación de dito ítem.

3.- A dirección do departamento/instituto deberá criba-las actividades que sexan realizadas por varios dos seus membros, evitando así a **duplicidade de traballos presentados**.

4.- Os **institutos de investigación** que queiran acollerse á Axuda por Producción Científica deberán ter en conta que non poden presentar aquelas actividades científicas xa incluídas nos departamentos.

5.- A gravación feita nas secretarías dos departamentos/institutos debe ser **revisada polo director**, ou persoa cun criterio científico designada para supervisa-lo proceso. A valoración é automática, e a supervisión e decisión de onde situar cada contribución non pode recaer no administrativo da secretaría, polo que, se precisa unha implicación directa da dirección no proceso de remisión da investigación xa que esta ten efectos en dous aspectos moi importantes para o dpto./inst:

a) PUNTUACIÓN que se asigna en función da gravación feita nos dptos./insts., polo que os erros cometidos tanto na introdución dos datos como na clasificación de traballos prexudican ao conxunto dos membros deste.

b) PUBLICACIÓN dos datos recollidos na aplicación que son divulgados con posterioridade a través dos distintos volumes que edita esta Vicerreitoría, edición que é remitida aos centros desta universidade, así como a outros centros de investigación españois; polo tanto solicitamos que no proceso de gravación se manteña a uniformidade á hora de introduci-los datos, buscando así que a futura publicación acade un aspecto o máis aceptable posible.

6.-No caso de que se presente un artigo nunha revista que non se atopa recollida nos listados de PUBLICACIÓN PERIÓDICA da Vicerreitoría de Investigación e Innovación, este non será valorado nesta produción científica. En todo caso, no ano seguinte e previa incorporación da revista aos listados no prazo correspondente, poderá considerarse a valoración desta contribución.

7.- Nas actividades deben cubrirse tódolos datos solicitados e subliña-los membros que pertencen ó departamento, sendo imprescindible que **se cubra tanto o campo de número de autores totais como o número dos que pertencen ó dpto./inst.** Este dato, gravado posteriormente polo administrativo na aplicación informática, é de suma importancia xa que senón a aplicación da Produción Científica PC non valora esta actividade.

8.- A documentación xustificativa de cada actividade debe engadirse á ficha na que se especifiquen os datos da mesma, e non entregarse agrupada ó final dos impresos. **Non serán valoradas as contribucións que non estean xustificadas correctamente.**

9.- A puntuación asignada automaticamente pola aplicación informática deberá ser impresa e colocada ó comezo. Achegarse unha folla impresa por cada área de coñecemento (de se-lo caso) quedándose con copia o dpto./inst. para proceder despois á correspondente **confrontación de puntos** outorgados. Achégase baremo de valoración.

10.- As fichas deben achegarse dentro de cada unha das actividades que se avalían agrupadas por áreas de coñecemento do departamento, non de forma individualizada.

11.- A folla da actividade máis relevante realizada no ano da avaliación, unha vez cuberta polos profesores (só a tempo completo), deberá ser agrupada e situada ó comezo. Esta servirá para un posterior estudio por parte desta Vicerreitoría.

12.- Dada a importancia que ten que as actividades veñan clasificadas correctamente, en caso de dúbida, deberán poñerse en contacto coa Unidade de Xestión da Produción Científica e Tecnolóxica por correo electrónico pcientifica@usc.es